

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO ACONDICIONAMENTO DA AREA DE XOGOS EXISTENTES NO XARDIN DE CATASOL NA CIDADE DE LUGO. APERTURA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

Sendo as 13:30 horas do día 29 de maio de 2015, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegado da área de Economía, Émprendemento, Autónomos e Educación, en dona Sonia Méndez García, en funcións e actuando como vocais:

- dona Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal do Partido Socialista, PSG-PSOE, en funcións.
- dona Paz Abreira Sobrado, polo Grupo Municipal do Partido do Bloque Nacionalista Galego, BNG, en funcións
- don Angel Trabada, polo Grupo Municipal do Partido Popular, PP, en funcións.
- don Manuel Enrique Chaín Fernández, Concelleiro Delegado da Área de Infraestructuras, en funcións.
- don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Municipal.
- dona Ana I. Sáez Mancebo, Letrada Asesora da Asesoría Xurídica.
- don Xosé Manuel Cao Rei, xefe do servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello de Lugo.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese por parte do Secretario da mesa

1º.- A dar lectura ó informe do negociado de rexistro do día 29 de maio de 2015, no que se pon de manifesto que á referida contratación se presentaron as seguintes plicas no rexistro deste Concello:

- UTE VIÑARIÑO- TOPYSA
- GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGIOS, S.L
- LAPPSET ESPAÑA, S.L

2º.- Da presentación de unha plica por correo en tempo e forma, da mercantil ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U.

3º.- Da recepción fora de prazo no RXE deste Concello o día 28/05/2015 da plica da mercantil KAIZEN MANAGEMENT, S.L, xa que aínda que foi presentada por correos en tempo e forma non cumpriu o establecido na cláusula novena do prego de clausulas administrativas que sinala:

"Cando as proposicións se envien por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día ao número de fax indicado no anuncio de licitación (982 297259). Sen a concorrencia de

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: ACONDICIONAMENTO ÁREA XOGOS CATASOL

Asunto: Apertura sobre A (documentación administrativa)

ámboos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso."

A vista do cal os membros da mesa acordan excluír da licitación de referencia á mercantil KAIZEN MANAGEMENT, S.L polos motivos sinalados nos paragrafos anteriores, procedéndose a continuación á apertura da documentación administrativa sobre A) das ofertas admitidas á licitación seguinte resultado:

- UTE VILARIÑO-TOPYSA:

* Presentación do licitador

* Datos das dúas empresas

* Certificado de inscrición no rexistro xeral do de Excavaciones Luis Vilariño na Comunidade Autónoma de Galicia

* Anexo II da UTE

* Anexo IV da UTE

A documentación é correcta

- GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGIOS, S.L:

* Declaración responsable

* Datos contacto

A documentación é correcta

- LAPPSET ESPAÑA, S.L:

* Declaración responsable

- ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U.:

* Declaración responsable


* Declaración responsable vixencia datos rexistro licitadores

* Certificado de inscrición no rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia

Sen máis que tratar e dado que a documentación presentada é correcta en tódolos casos, dáse por rematada a sesión sendo as 13:45 horas do día anteriormente sinalado; procedéndose a continuación á apertura do sobre B (oferta económica e suxeita a criterios de valoración matemáticos)

A PRESIDENTE

Asdo.: Sonia Méndez



O SECRETARIO,

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei